

LITERATURA UNIVERSAL. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. A lírica latina antiga (Horacio, Ovidio, Catulo...). [3 puntos]

Débense explicar os temas, subxéneros e características relevantes da lírica latina, a súa evolución cronolóxica e os principais autores, con especial atención a Catulo e os *Carmina*, a Virxilio e as *Bucólicas*, aos rasgos máis salientables da poesía de Horacio e a Ovidio e a súa poesía elexíaca, de manifesta influencia na literatura europea dende a Idade Media.

2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra de Shakespeare ou Molière que leu, explicando a súa estrutura, personaxes, tempos, espazos, estilo e relevancia no seu contexto xenérico e estético. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos]

Do título elixido explicarase a caracterización dos personaxes e implicación dos mesmos nos diferentes conflitos teatrais, o tempo interno e externo e o seu significado, os espazos nos que se desenrola a acción e os seus significados. No estilo debe salientarse a adscrición do texto a unha estética determinada e as características propias do autor con **exemplos** concretos do título elixido, así como a relevancia deste no seu contexto literario e na literatura universal.

É necesaria unha mínima contextualización da obra, citar correctamente o título, o autor, o século no que foi escrita e o xénero ao que pertence. Considérase un erro importante considerar novelas as comedias ou as traxedias de Molière ou Shakespeare.

O resumo da obra en cuestión non é avaliable.

3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia literaria e transcendencia da obra que elexise como lectura do bloque 2 (desde a segunda metade do século XIX á actualidade). [3 puntos]

A opinión persoal debe ser razoada e sustentarse en criterios ESTÉTICOS, non en impresións subxectivas ou valoracións extraliterarias. Non se trata de valorar se a obra elixida é boa ou mala ou se cumpre ou non as expectativas de quen a leu. Trátase de expresar, con **argumentos literarios**, a importancia desa obra no conxunto da literatura e na literatura da lingua á que pertence, así como de comentar en que medida beben dela outras obras doutros tempos, doutros países ou doutros xéneros.

Lémbrese que, tal e como consta nos obxectivos da materia, “Tendo en conta que a literatura galega e a española e hispanoamericana son obxecto de estudo nas respectivas materias do bacharelato, exclúese aquí o seu estudo”.

En todas as preguntas é necesario demostrar corrección lingüística e ortográfica. As faltas de ortografía, de acentuación, de puntuación e de expresión baixarán a nota final do exame.

Debe recordarse que este é un exame de LITERATURA. O estudo da literatura debe centrarse no texto: análise das accións que se perfilan cos temas e motivos dos mesmos, personaxes, tempos, espazos, estilos... nunhas determinadas coordenadas e contextos (autorais, culturais e estéticos) e cun determinado fin. Non será avaliable, pois, o resumo das obras nin as digresións persoais.